



# A CRÍA DE COELLO DE MONTE EN CERRADOS


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
 Dirección Xeral de  
 Conservación da Natureza




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
 Dirección Xeral de  
 Conservación da Natureza





# A CRÍA DE COELLO DE MONTE EN CERRADOS

## ¿POR QUÉ CRIAR COELLOS DE MONTE EN CERRADOS?

A cría en cerrados é a única forma eficaz de obter coellos de monte axeitados para repoboacións. Os coellos criados en gaiolas son sempre coellos híbridos, mal adaptados á vida en liberdade. A eficacia das repoboacións con coellos autóctonos criados en semiliberdade será sempre superior. A solta de coellos híbridos pode resultar incluso prexudicial. Unha parte dos seus xenes son xenes domésticos, polo que a súa capacidade de adaptación ao medio natural é menor, e a súa solta empobrece o patrimonio xenético dos coellos autóctonos. Os coellos traídos doutras comunidades autónomas tampouco son una alternativa válida, pois presentan diferenzas xenéticas cos coellos galegos, están peor adaptados ás condicións do medio en Galicia, e supoñen un alto risco de introdución de enfermidades..



## ¿É RENDIBLE A PRODUCCIÓN DE COELLOS EN CERRADOS?

O investimento nun cerrado de cría de coello en semiliberdade vese claramente compensado pola calidade dos coellos producidos, pola súa capacidade de adaptación á liberdade e pola redución dos riscos xenéticos e sanitarios. Adicionalmente, hai que ter en conta que os custos de mantemento destas instalacións son considerablemente inferiores aos dunha granxa tradicional. En todo caso, a produción en gaiolas ou as importacións, pese ao seu aparente menor custo por individuo, non son alternativas aceptables, tal como se expón no apartado anterior.



## ¿CÓMO DEBE CONSTRUIRSE UN CERRADO DE CRÍA?

O axeitado deseño dun cerrado de cría de coellos é fundamental para o seu bo funcionamento, e a súa construción debe ser sempre supervisada por un experto. Debe estar pensado para facilitar ao máximo as capturas á vez que se proporciona un medio axeitado para a especie. Un cerrado debe posuír dúas partes: unha zona de tobeiras artificiais onde os coellos escavan os seus tobos e permanecen durante o día, e outra de prado (só con herba) onde os coellos saen para alimentarse, xeralmente durante a noite. As dúas zonas estarán separadas por un valo cuns pasos tipo gateira que poidan pecharse ao caer a noite, impedindo o regreso ás tobeiras. Desta forma, os coellos capturaránse facilmente á mañá seguinte no prado. Debe dispoñer tamén dun valo que os coellos ou os depredadores non poidan atravesar. A súa superficie recomendada é duns 2,500 m<sup>2</sup>. Diversas experiencias e seguimentos realizados en Galicia amosan que este é o único deseño eficaz, e que os cerrados que empregan outros sistemas de captura (trampas, furóns...) non funcionan correctamente.



## ¿QUÉ MANTEMENTO E COIDADOS REQUIRE UN CERRADO DE CRÍA?



Un cerrado ben deseñado require para o seu mantemento unicamente dunha breve comprobación diaria e dun día de captura ao mes (para o que serán necesarias 2 ou 3 persoas). Sen embargo, o manexo ten que ser moi coidadoso, seguindo rigorosamente uns esquemas de produción e coidados sanitarios. A persoa encargada require dunha mínima formación específica e do apoio ocasional dun experto.

A decisión de construír un cerramento debe ir acompañada dun compromiso para o seu mantemento e coidados que permitan obter un rendemento acorde coa inversión

## ¿SON OS CERRADOS A SOLUCIÓN PARA OS PROBLEMAS DO COELLO?

Os cerrados de cría son unha ferramenta moi útil para a recuperación do coello, na medida en que proporcionan coellos de calidade para realizar repoboacións. Se esta ferramenta é acompañada das actuacións necesarias para unha xestión cinxética apropiada, pódese conseguir no prazo de poucos anos unha mellora apreciable na abundancia de coello. Para iso será necesario realizar as repoboacións coa metodoloxía apropiada, e coidar as poboacións existentes mediante un correcto manexo do hábitat e unha regulación da caza axustada á abundancia dispoñible.

